



## Concello de Sarria

**ASUNTO: PROPOSTA DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE DEPORTES DO CONCELLO DE SARRIA PARA A ORGANIZACIÓN DA MILLA DE SARRIA 2024**

### **REGULAMENTO MILLA DE SARRIA**

#### **1-CATEGORÍAS.**

As categorías son as seguintes: FEMININO E MASCULINO

- ABSOLUTA (2008 e anteriores)
- CADETE (2009-2010)
- INFANTIL (2011-2012)
- ALEVIN (2013-2014)
- BENXAMIN (2015-2016)
- REBENXAMIN (2017 e posteriores )

#### **2-PERCORRIDO.**

A carreira discorre por un circuito urbano practicamente chairo, en línea recta, pola rúa Liberdade.

#### **3-LUGAR E DATA.**

A saída, ás 18:00 horas do día 31 de decembro de 2024, estará situada na entrada de Sarria, na rotonda sita na estrada que ven de Samos. E a meta á altura do Hotel Roma.

#### **4-PARTICIPACIÓN.**

Poderán participar na proba todos os atletas inscritos na páxina web [www.sarriacorre.com](http://www.sarriacorre.com) desde o día da súa publicación nesta paxina ata o día 28 de decembro de 2024.

#### **5-INSCRICIÓN.**

A inscrición será **GRATUÍTA** e realizarase a través da páxina web de Championchip Norte ([www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)) ou ([www.sarriacorre.com](http://www.sarriacorre.com)). O feito de inscribirse supón a aceptación do regulamento. Cada corredor terá asignado un dorsal. A cronometraxe realizarase pola empresa Championchip Norte.

Todos os corredores polo feito de inscribirse, aceptan a publicación tanto do seu nome como da súa imaxe nas clasificacións da proba, nos medios de comunicación e en internet.

O descoñecemento deste regulamento non exime do seu cumprimento.





## Concello de Sarria

---

### **6- DESCALIFICACIÓN.**

Será motivo de descalificación non realizar todo o circuito da proba, sair sen dorsal ou chip, e falsificar datos persoais.

### **7-TROFEOS.**

Haberá premio para os **gañadores absolutos, masculino e feminino**, consistente en produtos cárnicos porcinos.

### **8-DORSAIS.**

A entrega de dorsais realizarase o mesmo día da proba, desde as 16:00 horas no pavillón dos Institutos de Sarria.

### **9-ASISTENCIA PROTECCIÓN CIVIL E POLICIA LOCAL.**

A proba contará con voluntarios de Protección Civil e Policía Local do Concello de Sarria.

### **10- SEGUROS.**

A organización dispoñerá dos seguros pertinentes según a normativa vixente para as probas populares deste tipo. A organización non é responsable dos danos morais, materiais ou económicos derivados da participación nesta proba.

### **11-OUTROS.**

Todas as dúbidas, problemas e queixas que se susciten na interpretación destas bases resolveranse directamente polo Concelleiro Delegado.

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE À MARXE)

